



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

DECRETO DA ALCALDÍA

Don Manuel Ángel Leis Míguez, alcalde-presidente do Concello de Negreira, na provincia da Coruña.

Con data de 14 de marzo de 2020, o Goberno do Estado, declarou o estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, publicado no Boletín Oficial del Estado nº67 de 14 de marzo de 2020.

Tendo en conta ás Instrucións da FEGAMP aos concellos galegos para a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Tendo en conta as competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta alcaldía-presidencia, en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, previstas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nas demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Decretar, dende o 16 de marzo de 2020 e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado o peche total da atención presencial nas oficinas municipais, agás aqueles servizos que de declaren esenciais no punto terceiro deste acordo.

Segundo.- As presentes medidas será de aplicación a todo o persoal empregado público que preste os seus servizos no Concello de Negreira.

Terceiro.- Declarar como servizos públicos municipais esenciais os seguintes:

- Oficinas centrais de rexistro.
- Persoal directivo
- Servizos sociais.
- Brigada municipal de obras.
- Seguridade e emerxencias
- conserxería.
- Servizo de limpeza municipal
- Estatística (Padrón Municipal de Habitantes)
- Secretaría Xeral
- Pago a provedores
- Rexistro de facturas
- Intervención

A atención nestes servizos esenciais será unicamente telefónica e telemática. A atención presencial será motivada por razón de urxencia e para isto precisárase de cita previa, a través dos seguintes medios:

Teléfonos:

Concello: 981 885 250/981 885 550
Centro de Información á Muller (CIM): 662 370 448
Policía Local: 981818226/881035161
Fax: 981 885328
Dirección de correo: concello@concellodenegreira.es

A atención presencial realizarase en horario de 9 a 14 horas de luns a venres.

Cuarto.- Tamén se poderán levar a cabo as xestións precisas a través da Sede Electrónica: sede.concellodenegreira.es.

Quinto.- Todos os empregados públicos municipais cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial. Todos os empregados públicos que realicen funcións que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, salvo que desempeñen funcións de carácter esencial.

Este persoal deberá acudir presencialmente aos seus lugares de traballo cando o desempeño das súas funcións así o esixan porque o determine a xefatura de persoal.

Cando as funcións de carácter esencial deban desempeñarse presencialmente, estableceranse as quendas necesarias para garantir a prestación do servizo e minimizar ao máximo o risco de contaxio laboral, arbitrando medidas organizativas para a protección da saúde.

Todos os empregados públicos deberán permanecer localizables durante a xornada laboral e, de ser preciso e por necesidades do servizo reincorporarse aos seus postos de forma presencial.

Sexto.- Dada a situación de crise sanitaria e tendo en conta o disposto polo Goberno de España, a Policía Local e o Servizo de Protección Civil continuará coa prestación dos respectivos servizos de xeito ordinario, que poderán ser reforzados cando a situación así o requira.

Sétimo.- Os Servizos Sociais Municipais, dado o seu carácter asistencial, quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos polos/as responsables de Área, facilitando, sempre que se poida, o teletraballo aos empregados públicos que prestan servizos nestes Departamentos.

Oitavo.- Dar publicidade do presente Decreto mediante todos os medios posibles procurando a súa máxima difusión

Negreira, á data da sinatura electrónica
O alcalde
Manuel Ángel Leis Míguez